

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Bases reguladoras da concesión de becas FCT

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE BECAS PARA O ESTÍMULO DA EXCELENCIA ACADÉMICA PARA A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT) NO ESTRANXEIRO

Exposición de motivos.-

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de novembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), determina que a formación profesional comprende un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e para adaptarse ás futuras modificacións laborais, ademais de favorecer o desenvolvemento persoal e a progresión no sistema educativo.

Esa lexislación define que a formación profesional debe incluír, tamén, as accións orientadas á formación continua nas empresas coa finalidade de adquirir e actualizar permanentemente as competencias profesionais. A tal efecto, defínese a Formación en Centros de Traballo (FCT) como un módulo profesional obrigatorio que se cursa en todas as ensinanzas de FP (básica, grao medio e grao superior) que se deben realizar en entorno real da empresa unha vez superados os módulos profesionais do ciclo formativo. A súa superación é obrigatoria para obtención de calquera título na FP. A súa duración ven determinada no currículo oficial de cada ciclo formativo.

A formación profesional no sistema educativo comprende os módulos profesionais asociados ás cualificacións profesionais asociadas ós contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos formativos.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, o Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, o Decreto 114/201, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, o Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan os aspectos específicos da formación profesional dos sistemas educativos en Galicia e a normativa autonómica educativa que os desenvolve, organizan e regulan o módulo FCT,

O Concello de Arteixo integra nos seus obxectivos a necesidade de apoiar a formación integral dos estudantes coa finalidade de ofrecer oportunidades para complementar as actividades formativas no centro con experiencias no ámbito laboral real a través da formación en centros de traballo onde o alumnado vive unha situación real nun entorno productivo. A tal efecto, promove a presente convocatoria.

Tendo en conta que a FCT é un bloque da formación profesional que ten carácter obrigatorio que se desenvolve aplicando as competencias profesionais adquiridas nos centros, esta liña de axudas intenta favorecer o acceso a esas prácticas nun país estranxeiro como medio de ampliación de coñecementos tanto dos sistemas productivos de lugar de destino como do idioma. A realidade actual de converxencia europea e a necesidade de aprendizaxe de linguas estranxeiras que posibiliten que os nosos estudantes accedan a novos mercados laborais noutros países, verase apoiada e promovida a través da formación en centros de traballo fóra do territorio nacional. Esta formación práctica ten gran valor didáctico e pedagóxico por acercar ao alumnado ao mundo sociolaboral. E, por outro lado, a mobilidade transnacional para a formación das persoas permite a mellora das competencias sociais e fomenta o aumento das competencias lingüísticas e profesionais

De xeito prioritario o obxectivo subiacente nesta liña de axudas e o estímulo á excelencia académica. Na actual situación do mercado de traballo, a boa formación, os logros académicos e o esforzo persoal poden ser a canle de acceso a novas oportunidades polo que deben articularse medidas que supoñan unha gratificación para as persoas xóvenes que acrediten os óptimos resultados no ámbito académico.

Os obxectivos desta liña das axudas son os seguintes:

- Estimular o esforzo académico como forma complementaria de logro persoal.
- Favorecer a adquisición de competencias profesionais.

- Fomentar a adquisición de madureza profesional motivadora para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Potenciar a adaptación das persoas xóvenes aos cambios das necesidades de cualificación
- Facilitar apoios que permitan completar coñecemento dos sistemas sociolaborais das empresas.
- Apoiar a inserción laboral
- Establecer canles para a aprendizaxe de linguas estranxeiras como medio de ampliación da ocupabilidade das mozas e dos mozos.
- Promocionar a mobilidade laboral como forma de ampliar opcións de futuro.

1. Obxecto.-

É obxecto das presentes bases a definición de condicións e procedementos a seguir para a solicitude e concesión, en réxime de concurrencia competitiva, polo Concello de Arteixo de becas como estímulo da excelencia académica a través da formación en centros de traballo no estranxeiro como módulo profesional obrigatorio establecido para a obtención da titulación.

As bases establécense no marco da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo) e Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.

2. Persoas destinatarias.-

Alumnado empadroado en Arteixo que esté matriculado en centro público de Formación Profesional nos niveis para os que se define a obrigatoriedade das prácticas. Si o prazo ordinario que se establece para tramitar as solicitudes coincide cos períodos establecidos para execución das prácticas, poderán optar ás becas os alumnos que xa as estén executando.

Para a realización das prácticas correspondentes ás FCT, teranse en conta os criterios legalmente establecidos pola administración educativa con competencias na materia.

3. Partida e crédito orzamentario.-

As axudas inclúense na partida 320.489.00 cun límite presupostario máximo establecido anualmente no exercizo orzamentario.

Ademais do límite de gasto fixado, convocaranse e concederanse dúas becas en cada convocatoria específica que se realice mediante a apertura de prazo para formalizar solicitudes por parte das persoas interesadas.

O órgano con competencias na materia axustará as contías concedidas según os destinos das prácticas definidos nas presentes bases, sempre respectando os límites indicados.

As contías non utilizadas do total consignado anualmente no orzamento municipal integraranse novamente á partida podendo ser utilizado o remanente.

Non obstante, o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas dispoñibilidades presupostarias ou modificar as contías máximas previstas para para as distintas axudas e subvencións da mesma Concellaría no orzamento municipal anual podendo imputar a outras incluídas na mesma partida. . En todo caso, o límite será sempre o esgotamento da partida presupostaria.

4. Requisitos das persoas beneficiarias.-

a) Estar empadroadas no Concello de Arteixo no momento de formalizar a matrícula no centro e permanecendo no momento de solicitude da axuda.

b) Estar matriculados en centro público de Formación Profesional na Comunidade Autónoma en oferta presencial e completa.

c) O alumnado que concorra a cada convocatoria deberá terminar o período de formación práctica nos centros de traballo (FCT) antes do 31 de decembro do ano natural de convocatoria.

d) Non ter sido beneficiario de becas ou axudas convocadas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional durante o mesmo curso ou cursos anteriores.

e) Ter aprobado o curso anterior concedéndose as axudas ás dúas persoas solicitantes con notas máis altas que cumpran requisitos das presentes bases.

f) Acreditar nivel de idioma de do país de destino. Para elo, será imprescindible superar a proba escrita e oral do idioma cunha nota mínima equivalente a A2. A nota estará certificada polo centro donde curse estudos a persoa solicitante.

g) Ter superados, no momento da solicitude, os módulos profesionais que se cursan no centro docente do ciclo formativo no que esté escolarizado.

h) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

i) Estar en situación de desemprego e sen actividade laboral remunerada.

j) Atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa administración municipal e organsimos relacionados.

5. Criterios de concesión.-

A efectos de valoración de solicitudes, aplicaranse os seguintes criterios:

1. Puntuación según nota media do curso anterior ou do actual no caso de que esté dispoñible aplicándose o seguinte baremo:

NOTA MEDIA	PUNTOS
Sobresaínte (10)	10 puntos
Sobresaínte (9)	9 puntos
Notable (8)	8 puntos
Notable (7)	7 puntos
Inferior a notable (7)	0 puntos

2. Puntuación según nota acreditada do idioma no país de destino:

NOTA MEDIA	PUNTOS
Sobresaínte (10)	10 puntos
Sobresaínte (9)	9 puntos
Notable (8)	8 puntos
Notable (7)	7 puntos
Inferior a notable (7)	0 puntos

6. Criterios complementarios para a valoración.-

Si aplicados os criterios anteriores se producise un empate, realizarase a selección final atendendo á renda per cápita da unidade familiar (de menor a maior)

7. Concepto de “unidade familiar”.-

Entenderase por unidade familiar a seguinte:

a) Proxenitores da persoa solicitante e irmáns menores de 25 anos (ou maiores cando acrediten discapacidade recoñecida).

b) En caso de separación legal ou divorcio dos proxenitores, computarase aquel que conviva coa persoa solicitante. Tamén se computará o novo cónxuxe ou parella si convive.

c) No caso de custodia compartida de descendentes, computaranse proxenitores da persoa solicitante e descendentes comúns.

d) Si se trata dunha persoa independente, tamén se considerarán membros da unidade familiar o cónxuxe ou persoa unida por análoga relación así como os fillos que convivan no mesmo domicilio.

e) As persoas descendentes menores, con excepción dos que, con consentimento dos proxenitores, vivan independentes destes/as.

f) As persoas descendentes maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

g) As persoas descendentes maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento

Nos casos de separación legal ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo.

Para a condición de familia monoparental enténdese a formada pola nai solteira ou pai solteiro que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia).

8. Procedemento de solicitude.-

As persoas que desexen optar ás axudas deberán entregar solicitude no prazo establecido ao efecto según convocatoria anual que se realice ao efecto, acompañada da seguinte documentación:

- a) Declaración responsable según modelo normalizado de solicitude que deberá conter todos os datos requeridos.
- b) Dita declaración conterà, ademais dos datos obrigatorios, os seguintes:
 - Autorizacións para obtención de datos doutras administracións debidamente asinadas que se establecen (segundo modelo). En todo caso, é responsabilidade das persoas solicitantes que os datos que se consultan estén debidamente facilitados e as obrigas de calquera tipo cumpridas segundo o legalmente establecido. Esta autorización deberá asinarse para a obtención de datos de calquera das administracións coas que se teña regulado a cesión de datos.
 - Declaración responsable de cumprimento de obrigas e de residencia efectiva no término municipal de Arteixo.
 - Declaración das axudas obtidas para finalidades relacionadas co ámbito educativo doutros organismos ou institucións públicas ou privadas.
 - Declaración de cumprimento de requisitos para ser beneficiario de subvencións e de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (segundo modelo).
- c) Certificación de matrícula do centro do curso para o que solicita axuda.
- d) Carta de exposición de motivos para a realización das prácticas.
- e) Designación de conta bancaria (modelo normalizado) do solicitante. En ningún caso se procederá ao ingreso da axuda a unha persoa titular diferente a aquela que sexa a beneficiaria.

No caso de que non se conceda autorización á administración para a comprobación de datos, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- Informe de vida laboral (ou certificación que a substitúa) dos membros da unidade familiar a ter en conta para a valoración, completo e actualizado, expedido pola Tesourería da Seguridade Social. Só se Terán en conta para a valoración aqueles que conteñan os datos correspondentes ó momento da presentación solicitude. No caso de achegar resguardo da petición, o documento pendente adxuntarase en canto se teña recibido, sendo responsabilidade da persoa solicitante sin que por parte da entidade local se formalice requerimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada entenderase como desestimento da solicitude.

No caso de dispoñer de autorización para a consulta de datos doutras administracións, si éstes non se poideran obter por causas de imposibilidade material, serán requeridas ao solicitante. No caso de non aportalos, entenderase desistida a solicitude según o indicado no punto 2.6 das presentes bases.

A presentación da solicitude implica a aceptación das presentes bases.

As situacións acreditadas mediante declaración responsable serán comprobadas polos medios dos que dispón a administración local. A falsidade nos datos suporá o incio do procedemento correspondente, aplicación das sancións (si é o caso) e devolución de contías.

9. Conceptos incluídos na beca.-

A axuda poderá incluír os seguintes conceptos:

- a) Transporte de ida e volta desde o aeroporto/estación de orixe ata o de destino en clase turista.
- b) No caso de utilizar vehículo propio, abonarase a quilometraxe desde o punto de partida ata o de destino (ida e volta) aplicándose a contía establecida por Real Decreto 462/2002 e correspondentes actualizacións establecidas na Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro.
- c) Aloxamento no país de destino na modalidade que a entidade municipal indique.
- d) Axuda para a manutención nas condicións que a entidade local indique.
- e) Seguro de asistencia en viaxes, accidente e responsabilidade civil con cobertura en itinere.
- f) Formación teórica e práctica que se inclúa no plan individualizado.
- g) Titor no país de destino.

h) Percibirase axuda según o país de destino tendo en conta os seguintes criterios:

DESTINO	CONTÍA MÁXIMA
Alemaña, Bélxica, Portugal, Holanda, Luxemburgo	40 % da partida orzamentaria consignada
Francia, Austria, Irlanda, Italia, Reino Unido, Finlandia	50 % da partida orzamentaria consignada

10. Compatibilidade das axudas.-

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada.

11. Concesión da beca.-

As axudas concederanse polas contías totais que fixe o Concello de Arteixo para cada concepto non superando, en ningún caso, o total do gasto xustificado.

A persoa beneficiaria deberá ser a que asuma os custos iniciais que se definan como depósito a conta no caso de que o centro educativo colaborador indique esta obrigatoriedade.

Como norma xeral, o ingreso da contía da beca realizarase en dous prazos, sendo o primeiro o correspondente ao 50 % do total da beca concedida, ingresándose o restante 50 % unha vez formalizada a xustificación.

En todo caso, a persoa beneficiaria poderá solicitar o pago de ata o 70 % da contía concedida sempre e cando acredite que a súa situación familiar e/ou persoal non lle permite asumir os custos. Unha vez aportada a documentación necesaria que o demostre, a Xunta de Goberno Local poderá adoptar acordo ao respecto.

12. Procedemento.-

O procedemento que se aplicará para a valoración de solicitudes e a concesión das becas será o establecido na Ordenanza Xeral da concesión de subvencións municipais e que é, como norma xeral, o seguinte:

- a) Aprobación das bases polo Pleno Municipal.
- b) Aprobación da convocatoria anual polo órgano municipal competente.
- c) Publicación das bases no BOP
- d) Publicación da convocatoria anual no BOP
- e) Finalizado o prazo, procederase pola entidade municipal á comprobación da documentación, podendo formalizarse requerimento de subsanación si é o caso.
- f) Completados os expedientes, a comisión de valoración designada ao efecto procederá ás valoracións e elevará acta coa proposta de concesión á Xunta de Goberno para a súa aprobación.
- g) Procederase á publicación das concesións na Sede Electrónica, na páxina web, no centro colaborador e outros medios habilitados ao efecto. Os datos publicados consistirán nun código asignado ao expediente que se notificará á persoa solicitante.

13. Xustificación.-

Unha vez rematadas as prácticas FCT, e dentro do prazo dun mes desde a data oficial de remate das prácticas, as persoas beneficiarias das becas deberán achegar documentación acreditativa do cumprimento das condicións e a xustificativa do gasto financiado mediante a seguinte aportación documental:

- a) Orixinais ou fotocopias compulsadas dos xustificantes de gasto para cada concepto financiado acompañado dunha relación clasificada indicando acreedor, nº de documento, importe, data de expedición dos documentos e xustificante do ingreso bancario ou documento que acredite os pagos.
- b) Detalle doutros ingresos ou axudas obtidas para a mesma finalidade ou declaración de non telas obtido.
- c) Memoria de actuacións emitida pola persoa becada complementada con informe do centro colaborador no que indique o nivel de cumprimento de obxectivos e a avaliación das prácticas.

14. Obrigas do beneficiario.-

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto individualizado e realizar as actividades que no mesmo se definen.
- b) Xustificar ante o órgano competente o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da beca.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que se efectúen polos órganos de control.

d) Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que se poidan obter para a mesma finalidade ou para calquera dos conceptos incluídos na beca.

e) Acreditar que non se atopa incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos concedidos.

g) Proceder ao reintegro nos supostos de incumprimento ou no caso de remanentes non aplicados.

15. Obrigas xerais das FCT.-

A duración do módulo FCT no estranxeiro realizarase ao final de cada ciclo formativo nun só período e de xeito ininterrompido, agás nos seguintes casos excepcionais:

- Contar coa autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou do Servizo de Inspección Educativa.

- Interrupción da FCT por causa de forza maior (accidente, doenza, embarazo ou similar). Neste caso, deberase comunicar e dispoñer desa modificación sempre e cando non sexa por un período superior a un mes.

- Interrupción da FCT por un período non superior a un mes: a persoa becada deberá solicitar a renuncia ao módulo FCT e volver a facelo de novo.

16. Incumprimento de condicións das FCT.-

No caso de que se incumpra algunha das condicións que diron lugar á concesión da beca a criterio do centro responsable do seguemento das FCT e/ou da administración local, a persoa becada estará obrigada a:

- Devolver toda a contía que non se teña utilizado de conformidade coas disposicións contractuais

- Reembolsar total ou parcialmente a axuda no caso de que se incumplan as obrigas respecto ao aprendizaxe en prácticas no país estranxeiro.

En todo caso, serán o centro de ensino e o Concello de Arteixo os que emitan informe acreditando o incumprimento e concretando contías a reembolsar en cada caso. Si se producise esta circunstancia, a persoa beneficiaria da beca deberá formalizar o ingreso ao Concello de Arteixo.

17. Reintegros.-

Suporá o reintegro do importe equivalente da axuda e a esixencia de xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da beca ata a data en que se acorde proceder ao reintegro nos seguintes casos:

a) Renuncia ao pagamento da contía correspondente por parte da persoa beneficiaria si así se establece na concesión.

b) Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da actividade.

c) Non posuír a documentación necesaria para a realización da actividade que dirá lugar á concesión.

d) Abandono do programa sen causa grave debidamente xustificada.

e) A obtención de axudas falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.

f) Renuncia á execución das prácticas con posterioridade ao ingreso das contías parciais ou totais da axuda.

g) Comportamentos non apropiados, disruptivos ou asociais.

h) Incumprimento das leis ou das normas establecidas.

i) Incumprir a obriga de xustificación.

j) Cando o importe da axuda concedida supere o gasto xustificado, deberá procederse ao reintegro da contía non utilizada.

18. Adaptación.-

Esta convocatoria de axudas adáptase ao regulado na normativa que se indica de seguido, someténdose á mesma o non establecido expresamente na presente convocatoria:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- Outras normas concordantes coas anteriores.

- Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.

19. Colaboración do centro de ensino.-

O centro onde cursen os estudos as persoas solicitantes será o responsable de elaborar o plan individualizado que consiste no conxunto de actividades formativo-productivas que a persoa becada terá que realizar nos centros de traballo durante as horas e o período establecidos para tal fin. Este plan deberá obrar no expediente persoal e servirá como base para comprobación do cumprimento das condicións definidas para a concesión da axuda.

En aplicación do indicado no punto anterior, o centro asumirá todas as xestións necesarias para a execución das prácticas a través do contacto coas empresas receptoras das persoas becadas, aloxamentos, traslados necesarios, formación complementaria e calquera outra tramitación necesaria. O Concello de Arteixo actuará unicamente como entidade concesionaria da axuda aplicando o contido das presentes bases e demais lexislación concurrente e tendo en conta a proposta de destino e gastos asociados que eleve o centro de ensino. É dicir, a entidade municipal actuará unicamente como concesionaria da axuda e fiscalizadora do cumprimento das normas que diron lugar á concesión.

O seguemento e avaliación continua e final das prácticas será exercido polo centro de ensino.

Establecerase acordo regulador das condicións particulares que definan os aspectos individuais da beca concedida aplicables a cada concesión atendendo ás especificidades da especialidade cursada, o país de destino e os criterios propios que deban regular a estancia e execución e asinarase polas partes (Concello e persoa becada).

Para o non establecido nas presentes bases en canto as condicións de execución das prácticas e obrigas do centro esterase ao establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a regulación do módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional para alumnado matriculado en centros educativos da CC.AA. de Galicia.

20. Comisión de valoración.-

A efectos de concesión de becas, seguemento do proxecto e avaliación do programa, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- Concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa ou Concelleira / Concelleiro que se designe para delegación.
- Técnico adscrito á concellaría xestora das axudas.
- Dirección do centro de FP do término municipal ou persoa na que delegue.
- Secretaria Xeral ou persoa na que delegue.

Arteixo, 3 de abril de 2018

Asdo.: Celina Varela Suárez

Concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa

2018/2539